



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Prevenção e Xestión de Riscos Laborais I	Código	660G01023	
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Coruña)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Villarroya López, Alberto	Correo electrónico	alberto.villarroya@udc.es	
Profesorado	Villarroya López, Alberto	Correo electrónico	alberto.villarroya@udc.es	
Web	www.erlac.es			
Descrición xeral	Proporcionar unha visión completa e actualizada sobre as condicións de traballo e os aspectos técnicos e legais da prevención de riscos laborais na empresa e a súa influencia sobre o individuo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Marco normativo regulador das relacións laborais.
A2	Marco normativo regulador da Seguridade Social e da protección social complementaria.
A3	Saúde laboral e prevención de riscos laborais.
A5	Políticas sociolaborais.
A14	Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.
A22	Planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos laborais.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
B1	Resolución de problemas.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B9	Traballo en equipos.
B12	Motivación para a calidade.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
A1	Marco normativo regulador das relacións laborais.	A1	
A2	Marco normativo regulador da Seguridade Social e da protección social complementaria.	A2	
A3	Saúde laboral e prevención de riscos laborais.	A3	
A5	Políticas sociolaborais.	A5	
A14	Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.	A14	
A22	Planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos laborais.	A22	
A31	Aplicar os coñecementos á práctica	A31	
B1	Resolución de problemas.		B1
B2	Capacidade de análise e síntese		B2
B3	Capacidade de organización e planificación		B3
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional		B6
B9	Traballo en equipos.		B9
B12	Motivación para a calidade.		B12



C7 Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

C7

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: Introducción e conceptos básicos.	Historia da prevención de riscos laborais. Condicións de traballo e saúde. Conceptos básicos. Ambiente de traballo. Factores de risco laboral. Patoloxía do traballo. Técnicas de prevención de riscos: prevención e protección.
TEMA 2: Fontes normativas sobre seguridade e saúde.	Marco normativo sobre seguridade e saúde laboral a nivel nacional, Unión Europea e Internacional. Marco competencial das administracións e organismos públicos.
TEMA 3: A Lei de Prevención de Riscos Laborais.	Obxectivo e análise. Dereitos e obrigacións. Responsabilidades e sancións.
TEMA 4: Real Decreto dos Servicios de Prevención.	Organización e xestión da prevención na Empresa. Plan de prevención. Avaliación de riscos e Planificación. Os servizos de prevención, implantación, requisitos e control. Auditorías.
TEMA 5: A Avaliación de Riscos Laborais.	Definición e Obxectivos. Fases da Avaliación. Tipos de Avaliación. Avaliación Xeral dos riscos laborais.
TEMA 6: Accidente de traballo.	Accidente de traballo. Definición e clasificación. Causas dos accidentes. Seguridade no traballo e as súas técnicas. Introducción á estatística de accidentes: clasificación e índices estatísticos.
TEMA 7: Xestión de accidentes.	Notificación e rexistro de accidentes. Investigación de accidentes.
TEMA 8: Risco de incendio.	Risco de incendio. Conceptos xerais. Efecto sobre a saúde. Prevención do incendio. Detección e alarma. Equipos e medios de extinción. Normativa legal.
TEMA 9: Xestión das emerxencias	Plan de emerxencia e autoprotección. Características organizativas e funcionais. Documentación PRL. Normativa.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A22 B6 C7	21	35	56
Estudo de casos	A14 A31 B1 B2 B9 B12	21	42	63
Proba obxectiva	B3 B5	2	25	27
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Clases expositivas con apoio de medios audiovisuais e intervención directa do alumnado. Poderá complementarse con actividades semellantes como a asistencia a Congresos, conferencias do ISSGA, seminario organizado polo centro ou outra actividade indicada polo profesor.
Estudo de casos	Análise de supostos prácticos como complemento dos contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais, con inclusión de casuísticas actuais relacionadas cos riscos laborais. Os traballos necesariamente se remitirán por Moodle para a súa avaliación.
Proba obxectiva	Exame final onde o alumno reflicte os coñecementos adquiridos da materia. A proba terá tres partes. A primeira parte será un exercicio tipo test, mentres que a segunda parte será un examen teórico de varias preguntas para desenrolar. Ambas dúas partes terán o valor do 60% da nota do exámen (20% o test e 40% as preguntas teóricas). A terceira parte, que se realizará por aqueles alumnos que non superasen a lo menos a metade das prácticas propostas durante o cuatrimestre, consistirá na realización de varios casos prácticos, e será avaliada co 40% da nota.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Estudo de casos	<p>Nas sesións maxistrais expóranse situacións concretas sobre a prevención dos riscos laborais, incitando ao debate activo e dinámico das distintas propostas que os alumnos vaian expoñendo, co obxectivo de alcanzar conclusións sobre as cuestións expostas. A exposición dos contidos realizarase con aplicación de medios audiovisuais.</p> <p>Durante as clases analizaranse aspectos normativos sobre a lexislación laboral en materia de prevención de riscos para conseguir que o alumno estableza os seus propios criterios de valoración e interpretación da normativa. Tras as sesións maxistrais, celebraranse asemade tutorías personalizadas para aqueles alumnos que o requiran.</p> <p>No estudo de casos prácticos analizaranse supostos prácticos como complemento dos contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais. Durante as prácticas o profesor atenderá persoalmente as dúbidas dos alumnos.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A14 A31 B1 B2 B9 B12	Valoración das achegas dos estudantes na realización dos casos prácticos individuais, así como intervencións dos alumnos no desenvolvemento das clases.	40
Proba obxectiva	B3 B5	Proba individual obxectiva combinando a modalidade tipo test e preguntas a desenrolar polo alumno.	60

Observacións avaliación

Será imprescindible obter o 50% da cualificación correspondente a cada un dos apartados a avaliar para que se sumen as diferentes metodoloxías de cara a obter unha nota media final. A parte práctica ("Estudo de casos") supón o 40% da nota final, mentres que a parte teórica ("Proba obxectiva", composta de preguntas test e de desenrolo) supón o 60% da nota final.

De non conseguir o mínimo esixido nalgunha das metodoloxías, o alumno non superará a materia. Neste caso, a avaliación constará suspensa na convocatoria ordinaria e poderá volver examinarse na oportunidade de xullo, onde a metodoloxía de avaliación será unha única proba obxectiva por valor do 100 % da cualificación, versando tanto sobre contidos teóricos como prácticos do programa.

Como alternativa, aqueles alumnos que non poida facer un normal seguimento da asignatura, por ter recoñecida a Dispensa de Docencia, poderán optar por examinarse do 100% da súa cualificación por medio dunha proba obxectiva final durante os periodos de avaliación oficialmente establecidos. De non conseguir o 50% do total da nota nesa proba, a avaliación constará suspensa na convocatoria ordinaria e poderá volver examinarse na oportunidade de Xullo, onde a metodoloxía de avaliación será unha única proba obxectiva por valor do 100% da cualificación, versando tanto sobre contidos teóricos como prácticos do programa.

Todos os alumnos farán constar ao profesor mediante email ou de forma visible na súa ficha de alumno se han solicitado dispensa, e se ésta se lles concede, debendo consignar nese caso se optan por AVALIACIÓN CONTINUA ou PROBA OBXECTIVA FINAL. O alumnado non poderá ser avaliado simultaneamente por avaliación continua e por proba obxectiva final. De non constar expresamente, ou non entregar a ficha nos quince días posteriores ao comezo do curso académico, entenderase que optan pola PROBA OBXECTIVA FINAL. A elección é definitiva e irreversible para a convocatoria en curso.

As adaptacións curriculares para estudantes con discapacidade ou con necesidades educativas específicas serán pautadas pola Comisión de docencia do centro, previo informe do servizo de orientación e prácticas.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>- Juan LÓPEZ GANDÍA, José Francisco BLASCO LAHOZ (2015). Curso de prevención de riesgos laborales. Tirant lo Blanch</p> <p>- Cayetano NÚÑEZ GONZÁLEZ, Federico ESTARDID COLOM (2015). Marco normativo y gestión de la prevención de riesgos laborales. Tirant lo Blanch</p> <p>- José Luis LLORCA RUBIO, Yolanda LOZANO CÁDIZ, Antonio MORENO MARTÍNEZ, M^a Carmen SALCEDO BELTRÁN (2012). Prevención de riesgos laborales: Instrumentos de aplicación.. Tirant lo Blanch</p> <p>- Isabel M^a MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Antonio CARDONA LLORENS, Raúl CHILET PÉREZ, Guillermo GARCÍA GONZÁLEZ (2013). Casos prácticos de prevención de riesgos laborales. Tirant lo Blanch</p> <p>A bibliografía anterior se atopa dispoñible na BIBLIOTECA VIRTUAL DO CENTRO á que podes acceder coas túas claves no seguinte enlace: http://www.erlac.es/es/estudiantes-acceso/</p>
Bibliografía complementaria	<p>Cortés Díaz, José María. 2007. Técnicas de prevención de riesgos laborales. Ed. Tebar. Libro.Espeso Santiago, José Avelino. 2009. Manual para la formación de técnicos en prevención de riesgos laborales. Ed. Lex Nova.</p> <p>Libro.González Biedma, Eduardo. 2009. Legislación sobre seguridad y salud en el trabajo. Ed. Tecnos.</p> <p>Libro.Webgrafía Instituto Nacional de Seguridad, Salud y Bienestar en el Trabajo. www.insht.es. Web.Ministerio de Trabajo e Inmigración. www.mtin.es. Web.Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. www.issga.es.</p> <p>Web.Agencia Europea de Seguridad y Salud en el Trabajo. www.osha.europa.eu. Web.Comisión Europea. www.ec.europa.eu. Web Organización Internacional del Trabajo. www.ilo.org. Web.Organización Mundial de la Salud. www.ilo.int. Web.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito do Traballo I/660G01011

Dereito da Seguridade Social I/660G01021

Materias que continúan o temario

Dereito do Traballo II/660G01012

Dereito da Seguridade Social II/660G01022

Observacións

A lexislación en materia de prevención de riscos laborais é moi cambiante, polo que a avaliación da asignatura farase dacordo coa normativa legal vixente en cada momento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías